



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO. -

De conformidade e co disposto nas bases da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de apoio ao servizo de mantemento de zonas naturais e espazos públicos, no marco do programa "Depuemprego 2016-2017", financiado pola Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro do convenio de colaboración asinado, no B.O.P. número 31 do 7 de febreiro do actual, publicáronse as bases da convocatoria, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es). De conformidade co disposto nas mesmas, as sucesivas publicacións terán lugar unicamente na páxina web, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Friol.

No que se refire ao proceso de selección, no punto 7.1 das bases, figura unha proba, que consiste en contestar por escrito un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha será correcta. O exame calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba e valorándose cada unha correcta con 0,5 puntos. Advertiuse un erro de transcripción, xa que como se pode comprobar a multiplicación das dez preguntas correctas do tipo test por a puntuación de 0,5 puntos de cada unha delas, da unha cantidade de cinco puntos, en vez dos dez puntos establecidos. Polo tanto onde di 10 preguntas, debe dicir 20 preguntas.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de procedemento administrativo, as administracións públicas poderán en calquera momento rectificar, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, en orde á continuación do proceso selectivo e no uso das facultades que me son conferidas pola vixente lexislación,

DECRETO:

A rectificación de erro material, nas bases da convocatoria, no referente ao número de preguntas do tipo test da fase de oposición, xa que **onde di** "(...) Realizarase un exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas (...)" **debe dicir** "(...) Realizarase un exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas (...)".

En cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, procederase á súa publicación o presente Decreto de Alcaldía no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol.

O que manda e asina en Friol a trece de febreiro de dous mil dezasete.